

Concello de Xove

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 11 DE XUÑO DE 2012.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

Concelleiros:

D. José Manuel González Álvarez

D^a Ana María Abad López

D^a M^a Dolores Meitin Guerreiro

D^a Cristina Iglesias Guerreiro

D. José Manuel Balseiro Canoura

D. Marco López López

D. José Manuel López Hermida

D. Alberto Santos Vázquez.

D^a M^a Rosario Balseiro López

Secretario:

D. Luís M. Fernández del Olmo

Ausente:

D. Manuel Angel Meitin Rouco

Interventora:

D^a Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezanove horas do día once de xuño de dous mil doce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión ordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1º) APROBACIÓNS DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DE DATAS 16 DE ABRIL DE 2012 E 9 DE MAIO DE 2012.

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntouse ós asistentes se tiñan algunha obxección que formular ós borradores das actas das sesións plenarias de data 16 de abril de 2012 e 9 de maio de 2012.

Non habendo obxeccións, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aproba-los borradores das actas das sesións plenarias de data 16 de abril de 2012 e 9 de maio de 2012.

2º) MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación da proposta de Alcaldía do epígrafe relativa á modificación do Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar.

Dáse conta igualmente da acta da sesión celebrada pola Xunta de Portavoces, con data 1 de xuño de 2012 na que se debateu o presente asunto.

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde reitéranse os argumentos plantexados na Xunta de Portavoces, lembrando que o obxectivo fundamental da modificación que se trae a coñecemento e aprobación do pleno é, ademais de dar cumprimento ó disposto no Decreto 99/2012, garanti-la prestación do servizo as persoas que realmente o necesiten, e fixa-la contía da aportación dos usuarios en función dos seus niveis de renda.

Polo Sr. López Hermida reitéranse igualmente os argumentos plantexados na Xunta de Portavoces, sinalando que en consecuencia, o BNG vai votar en contra dunha proposta que se mire como se mire, supón un novo recorte en materia de servizos sociais.

Polo Sr. Santos Vázquez manifestase que vai votar en contra por non estar de acordo co recorte proposto.

Rematado o debate, o Concello Pleno, cos votos favorables dos Sres. Salgueiro Rapa, González Álvarez, Abad López, Meitin Guerreiro, Iglesias Guerreiro, Balseiro Canoura, e Balseiro López, e co voto en contra dos Sres. López López, López Hermida e Santos Vázquez, acorda aprobar inicialmente a modificación do Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar, e sometela ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio a publicar

no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e no taboeiro municipal de anuncios, sinalándose expresamente que no suposto de non presentarse alegacións e/ou reclamacións no trámite de información pública, o presente acordo entenderase elevado automaticamente a definitivo.

3º) MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación da proposta de Alcaldía do epígrafe relativa á modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo da Escola Infantil.

Dáse conta igualmente do ditame da Comisión Especial de Contas, de data 6 de xuño de 2012 que a seguir se transcribe integramente:

“Polo Sr. Alcalde explícase a modificación da Ordenanza do epígrafe que se vai someter ó coñecemento e aprobación, se é o caso, do pleno corporativo, salientando como novidades máis importantes dunha banda a revisión do importe das taxas para intentar reducir o importante déficit que esta a xenera-la prestación do servizo e doutra banda a posibilidade de solicita-la prestación do servizo a xornada completa ou a media xornada.

Polo Sr. López Hermida sinalase que tal é como argumento na pasada Xunta de Portavoces o BNG non é partidario da suba de tributos pola prestación de servizos sociais razón pola cal vai votar en contra da modificación proposta.

Enterada a Comisión, cos votos favorables dos Sres. Salgueiro Rapa, González Álvarez, Abad López, Iglesias Guerreiro e Meitin Guerreiro e co voto en contra do Sr. López Hermida acorda : Informar favorablemente a modificación da Ordenanza Fiscal regulamentadora da Taxa pola prestación do Servizo de Escola Infantil reflectida na Proposta de Alcaldía obrante no expediente”.

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde reiteranse os argumentos plantexados na comisión transcrita.

Polo Sr. López Hermida reitéranse igualmente os argumentos plantexados na Comisión, sinalando que en consecuencia, o BNG vai votar en contra dunha proposta que supón un novo recorte en materia de servizos sociais.

Polo Sr. Santos Vázquez manifestase que vai votar en contra por non estar de acordo co recorte proposto.

Rematado o debate, o Concello Pleno, cos votos favorables dos Sres. Salgueiro Rapa, González Álvarez, Abad López, Meitin Guerreiro, Iglesias Guerreiro, Balseiro Canoura, e Balseiro López, e co voto en contra dos Sres. López López, López Hermida e Santos Vázquez, acorda aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal regulamentadora da Taxa por prestación do Servizo de Escola Infantil, e sometela ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e no taboeiro municipal de anuncios, sinalándose expresamente que no suposto de non presentarse alegacións e/ou reclamacións no trámite de información pública, o presente acordo entenderase elevado automaticamente a definitivo.

4º) EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO DO VIXENTE ORZAMENTO MUNICIPAL Nº 6/2012 POR IMPORTE DE 22.000 €. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta ó Concello Pleno do expediente de modificación de crédito do epígrafe e da documentación e informes preceptivos, obrantes no expediente.

Dáse conta asimesmo da proposta de Alcaldía que a seguir se transcribe integramente:

“JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde-Presidente do Concello de Xove,

No desenvolvemento e execución do Orzamento Municipal de investimentos, obsérvase a inexistencia de crédito en unha partida do Estado de Gastos referida ao proxecto de investimento ao que se refire a Providencia desta Alcaldía que inicia o expediente.

De conformidade coas disposicións vixentes, cando deba realizarse algún gasto para o que non exista crédito no Orzamento vixente ou sexan insuficientes as dotacións previstas, a Corporación poderá acordar a concesión de crédito extraordinario no primeiro dos casos, ou de suplemento de crédito para o segundo dos supostos. Dita modificación poderá atenderse, entre outros medios de financiación, co Remanente de Tesourería para Gastos Xerais derivado da Liquidación do exercicio anterior e que ascendeu a 1.664.576,48 euros.

A modificación que se propón refírese aos seguintes gastos e fundaméntase o seu carácter inaprazable nos seguintes argumentos:

- Dótase o crédito necesario para facer fronte á aportación municipal para a realización da obra de construción de unha pista multideportiva e de pádel, ao abeiro da axuda concedida pola Consellería de Presidencia para a realización de infraestruturas de uso público.

Partida	Denominación	Consign. Inic. + aumentos anteriores por proxecto	<u>AUMENTO</u>	Consigna c. Final	<u>FINALIDADE</u>
342.622	Instalacións deportivas. Investimento en outras construcións	18.084,44	22.000,00	40.084,44	<u>PISTA MULTIDEPORTIVA E DE PÁDEL. (P. 13/12)</u>
TOTAL			22.000,00		

O presente expediente finánciase con Remanente Líquido de Tesourería deducido da Liquidación do exercicio 2.011.

En base a esta memoria xustificativa, esta Alcaldía estima procedente tramitar o correspondente expediente de suplemento de crédito nas partidas que corresponde, cuxos recursos se nutrirán con Remanente Líquido de Tesourería e somete á consideración do Concello Pleno a aprobación inicial do expediente nº 6/2012 de Modificación de Créditos por importe total de VINTEDOUS MIL EUROS (22.000,00 €)”

Enterado, o concello Pleno, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acorda aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito 6/2012 do Orzamento Municipal de 2012 por importe de 22.000€ reflectido na proposta de Alcaldía anteriormente transcrita; sometelo ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 15 días mediante anuncio a insertar no taboleiro municipal de anuncios e a publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sinalándose expresamente que no suposto da non presentación de alegacións ou reclamacións no citado prazo, o presente acordo entenderase automaticamente elevado a definitivo.

5º) ROGOS E PREGUNTAS.

Polo Sr. López López pregúntase ó Sr. Alcalde como se van cubrir este verán os servizos de loita contra o lume e socorrismo, nas praias do concello.


Polo Sr. Alcalde contestase que o tema das brigadas contraincendios, dende fai anos é un asunto da exclusiva competencia da Xunta de Galicia, e respecto dos socorristas, polo Sr. Alcalde manifestase que a semana que ven saberase o número de socorristas subvencionados pola Xunta de Galicia a través dos Programas de Cooperación.

Manifesta o Sr. Alcalde que espera que se subvencionen o mesmo número de socorristas que a tempada pasada, sinalando igualmente que se está a estudar a posibilidade de reforza-lo servizo de socorrismo na praia de Esteiro por se-la máis perigosa e a máis concorrida.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as vinte horas e cinco minutos, levántase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fé.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,



Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo

